

## ANUNCIO

O tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas vacantes de peón/a de edificios en sesión do 21 de novembro do 2025 procedeu ao estudo e contestación das alegacións presentadas ao exercicio tipo test, recolléndose na acta de sesión o que segue en respostas ás devanditas alegacións:

"- **FATIMA DIAZ ALVAREZ** que alega:

"En la plantilla de respuestas de operario de limpieza de edificios públicos en la pregunta 31 dan por valida la respuesta C

La pregunta es ¿ Cual de los siguientes elementos no es parte de la composición principal del detergente ? Se da por válida la respuesta tensioactivo , cuando la pregunta dice cual no forma parte de la composición  
Los componentes esenciales de un detergente son los agentes tensioactivos

A pregunta 31 ten o seguinte teor:

"31 Un dos produtos de uso habitual nos baños é o deterxente. Cal dos seguintes elementos non é parte da composición principal do deterxente?

- a) Hidróxido sódico
- b) Piretroides
- c) Tensioactivos"

O tribunal deu por válida a resposta C.

Revisada a pregunta compróbase que efectivamente o tribunal indicou mal a resposta que é a B e non a C, polo que a alegación estímase.

-**HIPÓLITO DÍAZ LÓPEZ** que alega ter mal contabilizadas as preguntas do test, xa que deben ser 17 correctas no canto de 16. Indica que o sumatorio das preguntas publicadas dá 29 e non as 30 do test.

Revisado o seu exercicio, estímase as alegacións na súa integridade, debendo quedar o cadro de puntuacións respecto do aspirante como segue:

|          |    |   |   |   |    |   |   |   |   |        |                        |
|----------|----|---|---|---|----|---|---|---|---|--------|------------------------|
| 21104021 | 17 | 7 | 6 | 2 | 15 | 4 | 0 | 0 | 5 | APTO/A | Hipólito<br>Díaz López |
|----------|----|---|---|---|----|---|---|---|---|--------|------------------------|

-**JUANA ARNOSO Balsa** que alega que o tribunal indica que a resposta correcta á pregunta 31 é a C e ten que ser a B, xustificado na información que puido atopar e que non indica.

A alegación estímase.

-**MARÍA ROCÍO MARTÍN PÉREZ** alega:

1.-Que a pregunta 28 é ambigua ou técnicamente imprecisa, sin ningunha resposta correcta, solicita a súa anulación ou dar por válidas as respostas a) ou b).

A pregunta di:

**"28 Para a limpeza da pedra é recomendable utilizar un cepillo de porcas grosas. Con que produto é recomendable combinar o uso deste cepillo?"**

- a) Auga e deterxente neutro
- b) Auga e deterxente alcalino
- c) Auga e amoníaco"

Segundo a alegante se non se indica o tipo de pedra ("granito, mármore, caliza, pizarra, etc.) ni si se trata de una limpieza de mantenimiento o una limpieza técnica" e pedra é un termo xenérico que engloba materiais con composicións químicas moi diferentes, "las piedras calcáreas (mármol, travertino, caliza) no toleran productos alcalinos ni ácidos, pues estos alteran su estructura y brillo. Las piedras silíceas (granito, pizarra, basalto) sí pueden soportar detergentes alcalinos, sobre todo para eliminar grasa o suciedad industrial". " En los temarios de limpieza profesional y formación ocupacional (como los del SEPE o la Xunta de Galicia) se establece claramente que: "El producto adecuado para la limpieza de piedra dependerá del tipo de material, siendo el detergente neutro el más seguro de forma general, y el alcalino recomendable en ciertos tipos de piedra no calcárea y en casos específicos de suciedad grasa".

O tribunal dá por válida a resposta A.

A alegación céntrase en si é factible empregar deterxente alcalino con pedra ou diferentes tipos de pedra, cando a pregunta do exercicio non é se se pode usar un ou outro deterxente con pedra, senón con que produto é recomendable usar un cepillo de porcas grosas para a limpeza de pedra, resulta evidente que o recomendable é empregar un produto o menos agresivo posible con ese cepillo que xa de por si é agresivo.

Nada se especifica na pregunta sobre o estado da pedra ou o seu material concreto, polo que unha actuación dilixente no oficio levaría a aplicar o produto menos agresivo.

A alegación, polo tanto, debe ser desbotada.

2.-Alega que a pregunta 27 é ambigua ou tecnicamente incorrecta, solicitando que se revise a súa corrección ou que se considere como válida a opción B.

A pregunta di:

**"Identifica cal dos seguintes produtos utilízanse para eliminar microorganismos limpando e hixienizando os chans:**

- a) Amoníaco
- b) Limpador alcalino
- c) Fregachans bacterioestático"

O tribunal dá por válida a resposta c) con base á seguinte fonte bibliográfica: Peralta, R. (2022). Limpieza y puesta a punto de pisos y zonas comunes en alojamientos. HOTA0108. (1st ed.). IC Editorial.

Segundo a alegante “ninguno de los productos citados elimina microorganismos. Los limpiadores alcalinos y friegasuelos solo inhiben o reducen la proliferación de microorganismos, pero no los eliminan...”, “los limpiadores alcalinos y friegasuelos bacteriostáticos solo inhiben o reducen la proliferación de microorganismos, pero no los eliminan (...)”. La redacción “eliminar microorganismos” induce a error, porque en limpieza profesional se distingue entre:

Limpieza: eliminación de suciedad y materia orgánica

Higienización: reducción del número de microorganismos por arrastre mecánico o efecto inhibidor

Desinfección: destrucción o eliminación efectiva de microorganismos mediante biocidas autorizados

Por lo tanto la opción B (limpiador alcalino) es razonable y defendible, ya que contribuye a la higienización de los suelos al eliminar materia orgánica que favorece la proliferación de microorganismos, cumpliendo parcialmente el objetivo del enunciado”

A propia alegante reconoce que a súa opción (limpiador alcalino) non resposta ao preguntado, polo que non ten obxecto aceptar a resposta b como válida.

Tampouco rebate a opción do tribunal, polo que só cabe entrar a valorar se a pregunta é ambigua ou tecnicamente incorrecta, ou se induce a erro.

No tratamento de xérmenes poden darse varios procesos: a descontaminación, a desinfección ou a esterilización. A redución de xérmenes varía na súa proporción dentro dos tres procesos.

En todos estes procesos de redución de xérmenes, dase unha eliminación destes, sen que eliminación teña por que significar total destrución, isto é, esterilización.

Dunha simple lectura da pregunta pode observarse que se trata de identificar cal dos produtos indicados contribúe á eliminación dos xérmenes dentro dunha tarefa de limpeza e higienización, non de esterilización.

Nin o amoníaco, por corrosivo, nin o limpiador alcalino, por ser un produto con elevado ph e destinado fundamentalmente á eliminación de restos, son produtos axeitados para a limpeza e higienización de chans con carácter xeral, polo que só o fregacháns, produto específico para a limpeza de chan, e, á súa vez, coa condición de bacteriostático, é o produto apropiado para dar resposta ao preguntado.

3.-Alega sobre a pregunta 6 que a pregunta non especifica o tamaño do municipio nin a modalidade de elección, o que xenera ambigüidade e pode inducir a erro e que a opción A é razonable e defendible nun contexto de municipios de tamaño medio.

A alegación, que non se transcribe na súa integridade, debe ser desbotada, xa que o alegado non garda ningunha relación co preguntado e resulta máis ambigua e imprecisa tecnicamente a propia alegación que a que supostamente reclama.

A pregunta indica:

**“6 Nos termos que estableza a lexislación electoral xeneral, a Alcaldía é elixida:**

- a) Polo/as concelleiros/as, en todo caso
  - b) Polo/as veciño/as, en todo caso
- Polo/as concelleiros/as ou polo/as veciño/as”

O artigo 19 da Lei 7/1985, do 2 de abril, polo que se aproban as bases do réxime local (en diante LBRL) indica “ Los Concejales son elegidos mediante sufragio universal, igual, libre, directo y secreto, y el Alcalde es elegido por los Concejales o por los vecinos; todo ello en los términos que establezca la legislación electoral general.”

Atendendo ao teor literal deste artigo só a resposta C), a indicada polo tribunal, é a correcta.

4.-Alega que a opción C e non a A é a correcta para a pregunta 7 porque indica que a segundo a Lei 7/1985 a Xunta de Goberno Local non existe de maneira obrigatoria en todos os municipios, inda que si é frecuente non de máis de 5000 habitantes e está integrada pola alcaldía e concelleiros designados polo Pleno cun número máximo que non pode exceder dun tercio dos membros da Corporación, despreciando os decimais da división por tres. Polo que a opción A é incorrecta, xa que a constitución da Xunta de Goberno Local é potestativa e a opción C reflicte fielmente a normativa.

O teor da pregunta é o que segue:

“A Xunta de Gobierno Local, nun municipio como o de Fene:

- a) Existirá obrigatoriamente
- b) Está integrada pola Alcaldía, que a preside, e Concelleiro/as nomeado/as polo Pleno
- c) Estará conformada por un número de Concelleiro/as xunto coa Alcaldía que non poderá ser superior ao terzo do número legal de membros da Corporación. Para os efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de membros”

O artigo 20 LBRL estipula “**La Junta de Gobierno Local existe en todos los municipios con población superior a 5.000 habitantes** y en los de menos, cuando así lo disponga su reglamento orgánico o así lo acuerde el Pleno de su ayuntamiento.”

A pregunta refírese a un Concello “como o de Fene”, isto é, un Concello que ten máis de 5000 habitantes, polo que a opción a) é correcta, xa que resulta obrigado que exista este órgano colexiado no Concello de Fene pola súa poboación segundo o artigo citado.

A resposta c) que indica a alegante non é correcta atendendo ao artigo 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, xa que este, referíndose á Comisión de Goberno hoxe nomeada Xunta de Goberno Local, di:

“1. La Comisión de Gobierno está integrada por el Alcalde, que la preside, y Concejales nombrados libremente por él como miembros de la misma.

2. El número de Concejales a los que el Alcalde puede nombrar miembros de la Comisión de Gobierno, no podrá ser superior al tercio del número legal de miembros de la Corporación. A los efectos del cómputo no se tendrán en cuenta los decimales que resulten de dividir por tres el número total de Concejales.”

A limitación do terzo do número legal de membros para conformar a Xunta de Goberno Local, aplícase aos/as concelleiro/as, non a este/as xunto coa Alcaldía.

A alegación, polo tanto, é desbotada.

-MARTA MARÍA LORENZO SALGADO alega que non se reflicte correctamente na acta as súas valoracións e que no canto de preguntas 18 correctas, 11 incorrectas e 0 en branco/nulas, debe dicir 18 correctas, 11 incorrectas e 1 branco/nulas.

Estímanse as alegacións na súa integridade, xa que se comproba que había un erro tipográfico na acta, debendo quedar as puntuacións da aspirante como segue:

|          |    |    |   |   |    |   |   |   |   |        |                                      |
|----------|----|----|---|---|----|---|---|---|---|--------|--------------------------------------|
| 21104175 | 18 | 11 | 1 | 3 | 15 | 3 | 1 | 0 | 5 | APTO/A | Marta<br>María<br>Lorenzo<br>Salgado |
|----------|----|----|---|---|----|---|---|---|---|--------|--------------------------------------|

-SUSANA CEBREIRO PAZ alega:

“ENCUENTRO UN FALLO EN EL CUADRO DE RESPUESTAS DE LA PRUEBA TIPO TEST, EN LA PREGUNTA 31 INDICAN QUE LA RESPUESTA ES LA C), PERO SERÍA LA B):”

Reitérase o fundamentado respecto das outras aspirantes que alegaron fronte a esta pregunta e estimase a alegación.”

Á vista do que antecede, o tribunal acordou:

PRIMEIRO.-Estimar/desestimar as alegacións presentadas conforme ao fundamentado na acta.

SEGUNDO.-Publicar a seguinte táboa definitiva de corrección do exercicio tipo test coas rectificacións de erros e estimacións de alegacións fundamentadas na acta.

| PROBA TIPO TEST |           |             |              |        |               |                   |                     |                      |            | RESULTADO FINAL | Nome e apelidos                |
|-----------------|-----------|-------------|--------------|--------|---------------|-------------------|---------------------|----------------------|------------|-----------------|--------------------------------|
| Núm exame       | Correctas | Incorrectas | Branco/nulas | Restan | Total acertos | Reserva correctas | Reserva incorrectas | Reserva branco/nulas | Puntuación |                 |                                |
| 21104028        | 21        | 9           | 0            | 3      | 18            | 4                 | 0                   | 0                    | 6          | APTO/A          | Diego Abelleira Couce          |
| 21104527        | 22        | 8           | 0            | 2      | 20            | 4                 | 0                   | 0                    | 6.66       | APTO/A          | Susana Cebreiro Paz            |
| 21104013        | 23        | 7           | 0            | 2      | 21            | 3                 | 1                   | 0                    | 7          | APTO/A          | Juana Arnoso Balsa             |
| 21104594        | 19        | 10          | 1            | 3      | 16            | 2                 | 2                   | 0                    | 5.33       | APTO/A          | Loreto De Castro García        |
| 21104175        | 18        | 11          | 1            | 3      | 15            | 3                 | 1                   | 0                    | 5          | APTO/A          | Marta María Lorenzo Salgado    |
| 21104372        | 22        | 7           | 1            | 2      | 20            | 2                 | 2                   | 0                    | 6.66       | APTO/A          | Fátima Díaz Álvarez            |
| 21104171        | 21        | 9           | 0            | 3      | 18            | 1                 | 3                   | 0                    | 6          | APTO/A          | Jorge Quintía Castro           |
| 21104169        | 21        | 7           | 2            | 2      | 19            | 3                 | 1                   | 0                    | 6.33       | APTO/A          | Fco. Javier Vilas Esteves      |
| 21104178        | 15        | 14          | 1            | 4      | 11            | 0                 | 3                   | 1                    | 3.66       | NON APTO/A      | Higina Hermida Feal            |
| 21104014        | 12        | 14          | 4            | 4      | 8             | 1                 | 2                   | 1                    | 2.66       | NON APTO/A      | M. José Currás Campello        |
| 21104204        | 11        | 8           | 11           | 2      | 9             | 4                 | 0                   | 0                    | 3          | NON APTO/A      | Nuria González Pérez           |
| 21104018        | 14        | 12          | 4            | 4      | 10            | 2                 | 1                   | 1                    | 3.33       | NON APTO/A      | Manuel José González Rodríguez |
| 21104025        | 13        | 17          | 0            | 5      | 8             | 2                 | 2                   | 0                    | 2.66       | NON APTO/A      | Raquel                         |

|          |    |    |   |   |    |   |   |   |      |            |                             |
|----------|----|----|---|---|----|---|---|---|------|------------|-----------------------------|
|          |    |    |   |   |    |   |   |   |      |            | Grandal Romero              |
| 21104203 | 14 | 13 | 3 | 4 | 10 | 2 | 1 | 1 | 3.33 | NON APTO/A | Antonio Díaz Barro          |
| 21104145 | 19 | 11 | 0 | 3 | 16 | 0 | 4 | 0 | 5.33 | APTO/A     | Manuel Fernández García     |
| 21104157 | 17 | 11 | 2 | 3 | 14 | 0 | 4 | 0 | 4.66 | NON APTO/A | María Isabel Camiño Mouzo   |
| 21104029 | 17 | 13 | 0 | 4 | 13 | 3 | 1 | 0 | 4.33 | NON APTO/A | Juan Carlos Bouzo Barreiro  |
| 21104156 | 11 | 16 | 3 | 5 | 6  | 3 | 1 | 0 | 2    | NON APTO/A | Iria Cabana Aguilar         |
| 21104027 | 11 | 12 | 7 | 4 | 7  | 3 | 1 | 0 | 2.33 | NON APTO/A | Héctor Jesús Amenedo Aldrey |
| 21104021 | 17 | 7  | 6 | 2 | 15 | 4 | 0 | 0 | 5    | APTO/A     | Hipólito Díaz López         |
| 21104016 | 14 | 16 | 0 | 5 | 9  | 3 | 1 | 0 | 3    | NON APTO/A | Lorena Fernández Rivera     |
| 21104541 | 15 | 15 | 0 | 5 | 10 | 2 | 2 | 0 | 3.33 | NON APTO/A | Bernardo Salazar Monteiro   |
| 21104692 | 17 | 13 | 0 | 4 | 13 | 2 | 2 | 0 | 4.33 | NON APTO/A | Estefanía Pérez Fernández   |
| 21104182 | 16 | 10 | 4 | 3 | 13 | 3 | 0 | 0 | 4.33 | NON APTO/A | David Martínez Suárez       |
| 21104373 | 19 | 11 | 0 | 3 | 16 | 3 | 1 | 0 | 5.33 | APTO/A     | M. Verónica López Mosquera  |
| 21104180 | 14 | 16 | 0 | 5 | 9  | 3 | 1 | 0 | 3    | NON APTO/A | M. Isabel Romero Fernández  |

|          |    |    |   |   |    |   |   |   |      |            |                            |
|----------|----|----|---|---|----|---|---|---|------|------------|----------------------------|
| 21104174 | 16 | 12 | 2 | 4 | 12 | 2 | 1 | 1 | 4    | NON APTO/A | José Álvaro Montes Celeiro |
| 21104179 | 17 | 12 | 1 | 4 | 13 | 3 | 1 | 0 | 4.33 | NON APTO/A | M. Rocío Martín Pérez      |
| 21104177 | 15 | 8  | 7 | 2 | 13 | 2 | 0 | 2 | 4.33 | NON APTO/A | Paula Graña Araujo         |
| 21104173 | 14 | 16 | 0 | 5 | 9  | 0 | 3 | 1 | 3    | NON APTO/A | Silvia Meizoso Maroño      |
| 21104170 | 17 | 12 | 1 | 4 | 13 | 3 | 1 | 0 | 4.33 | NON APTO/A | M. Luz Sande López         |
| 21104183 | 16 | 14 | 0 | 4 | 12 | 3 | 1 | 0 | 4    | NON APTO/A | Juana María Calvo Alonso   |

**TERCEIRO.-**Convocar ás persoas aspirantes que superaron o segundo exercicio á realización do terceiro exercicio-proba práctica o día **2 de decembro de 2025**.

A tal efecto deberán acudir á Casa Consistorial de Fene provistos de roupa axeitada de traballo para o desempeño de funcións propias do posto.

A orde de realización do exercicio será por orde alfabética segundo a RESOLUCIÓN do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de tal xeito que a orde de actuación comezará por aquelas persoas aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra «F».

O exercicio realizarase en dúas quendas, debendo as persoas aspirantes presentarse á hora de citación indicada para poder realizar a proba

Primeira quenda: hora de presentación ás **9.00 h** no Salón de Plenos da Casa Consistorial

Manuel Fernández García  
M. Verónica López Mosquera  
Marta María Lorenzo Salgado  
Fco. Javier Vilas Esteves  
Diego Abelleira Couce

Segunda quenda: ás **11.00 h** no Salón de Plenos da Casa Consistorial

Juana Arnoso Balsa  
Loreto De Castro García  
Susana Cebreiro Paz  
Fátima Díaz Álvarez  
Hipólito Díaz López  
Jorge Quintía Castro

As persoas aspirantes deberán agardar a ser chamadas á realización do exercicio no salón de plenos da Casa Consistorial desprovistas de teléfono móbil ou calquera outro aparello que lles permita a comunicación co exterior.

A primeira quenda deberá agardar ao remate dos exercicios de todas as persoas aspirantes da súa quenda para poder abandonar o edificio, no momento indicado polo tribunal.

As persoas aspirantes que non se presenten á hora da citación da súa quenda consideraranse non presentadas.

De acudir con teléfono, estes deberán ser depositados nas dependencias municipais no lugar que se indique, sen que o Concello se faga responsable da súa custodia.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.